

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 20 de outubro de 2023
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día vinte de outubro do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Marta Fernández-Tapias Núñez, Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, José Carlos López Campos, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez e María Isabel Couso Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.33071.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 13 de outubro 2023.

2.33072.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO CONTRATO PARA IMPLANTACIÓN DUNHA PLATAFORMA DE COMUNICACIÓN CIDADÁ DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO MARCO DO PRTR COMPOÑENTE 11, INVERSIÓN 3 E DA ORDE TER/836/2022. LIÑA 1. (Expte.2023059018)

Mediante Acordo do 27 de abril de 2021, o Consello de Ministros aprobou o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), que incorpora unha importante axenda de investimentos e reformas estruturais. Para iso, o citado Plan estrutúrase en catro eixos dedicados á transición ecolóxica, transformación dixital, cohesión social e territorial e igualdade de xénero, que á súa vez orientan dez políticas panca e trinta compoñentes. A cuarta política panca é unha Administración para o século XXI, que expón unha modernización da Administración para responder as necesidades da cidadanía e a economía en todo o territorio. O compoñente 11, cifra como obxectivos estratéxicos a dixitalización e modernización das administracións públicas, a transición enerxética e o reforzo das capacidades administrativas.



Neste marco, publicouse a Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras e efectúase a convocatoria correspondente a 2022, de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, no marco do PRTR.

Segundo establece a convocatoria, unha das actuacións subvencionables é a Liña estratéxica 1 – Administración orientada á cidadanía, cuxo fin é a mellora dos servizos públicos dixitais que se prestan á cidadanía e empresas, mellorando a usabilidade, utilidade, calidade, accesibilidade, mobilidade dos servizos públicos dixitais e a modernización dos procesos e, con elo, reconvertendo o modelo de relación dixital entre a cidadanía e as Administracións Públicas. Esta nova relación basease na interrelación dunha serie de iniciativas que desenvolven actuacións a distintos niveis dunha relación *end-to-end* dixital. Así mesmo, acorde ao artigo 5.5 da Orde, establécese que se as entidades beneficiarias son as deputacións provinciais de réxime común, os proxectos realizados terán como destinatarios aos concellos con poboación inferior a 20.000 habitantes.

Por todo o exposto, a Deputación de Pontevedra presentou a solicitude do proxecto denominado: Plataforma de Comunicación e xestión de incidencias nos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra (segundo cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro do 2020), para ser beneficiaria da convocatoria de axudas da Orde TER/836/2022 dentro da liña estratéxica 1.

O 1 de xuño de 2023 notificouse a resolución de concesión da convocatoria de axudas, resultando a Deputación de Pontevedra beneficiaria da mesma. Con data 4 de setembro de 2023 o Ministerio de Política Territorial notificou a extensión do período de execución ata o vindeiro 30 de abril de 2024.

Unha das actuacións contempladas na execución do proxecto é a posta en marcha dunha Plataforma de Comunicación Cidadá para que os concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra poidan dispoñer dunha ferramenta que permita a relación bidireccional entra a cidadanía e as entidades locais. Deste xeito a Deputación poderá cumprir co establecido no art. 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

A Deputación de Pontevedra non conta con medios humanos nin técnicos suficientes para realizar directamente este subministro, motivo polo cal é necesario realizar unha contratación.

En relación ca inexistencia de programas reutilizables ou similares no mercado, compre sinalar que, non existe actualmente programas de titularidade doutras Administracións que puideran satisfacer estas necesidades, segundo o previsto no art. 157.3 da Lei 40/2015. Realizouse unha procura no directorio de solucións do Centro de Transferencia de Tecnoloxía (CTT) sendo o resultado infrutuoso.

En base ao exposto, con data 14 de setembro de 2023, a Deputada Delegada en materia de Fondos Europeos, Innovación e Axenda Dixital, dita providencia na que propón a contratación da implantación dunha plataforma de comunicación cidadá dos concellos da provincia de Pontevedra no marco do PRTR compoñente 11 e da Orden ter/836/2022. liña 1, por estimarse xustificada a súa necesidade para atender as



demandas do interese público que a Deputación ten atribuídas. O contrato proposto ten un prazo de execución de 4 meses, sen establecerse prórroga algunha, e un orzamento base de licitación de 170.0000 euros. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Vista a solicitude de tramitación pola vía da urxencia por parte do servizo xestor, non procede admitila neste caso polos seguintes motivos:

Considerando o artigo 50.1 apartado b) do RD 36/2020, que establece o mantemento dos prazos sen cambios sinalados no artigo 159 apartados 3 e 4 da Lei 9/2017, en especial o prazo de presentación de proposicións que será dun máximo de 15 días naturais. De conformidade co apartado 5, que sinala que en caso de declaración de emerxencia non se producirá redución de prazos. E tendo en conta que unicamente se contempla no RD 36/2020, unha redución do prazo na valoración das ofertas nos técnicos en 3 días, enténdese que non é unha razón definitiva nin transcendente en si mesma para xustificar a excepcionalidade da declaración de urxencia.

Tendo en conta o anterior, xustifícase igualmente a prioridade na tramitación do expediente polos seguintes motivos:

O artigo 50.2 Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e a Resolución Presidencial, nº 2023001137, de data 10 de febreiro de 2024, establece a preferencia dos contratos e acordos marco que se vaian a financiar con fondos europeos para o seu despacho sobre calquera outro polos distintos órganos que interveñan na súa tramitación. Así mesmo, os prazos para emitir os respectivos informes quedarán reducidos a cinco días naturais, sen que caiba prórroga algunha deste prazo.

Visto que con data 22 de setembro de 2023, a Intervención emite documento de retención de crédito número 202300197089 polo importe de 170.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 23/926.4910.65299 do vixente orzamento provincial.

Tendo en conta que, con data 16/10/2023, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministración. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 29/09/2023, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 04/10/2023, e as observacións contidas no mesmo.

Vistas as aclaracións e emendas realizadas, a petición da Intervención, na documentación preparatoria do expediente, polos servizos de Novas Tecnoloxías, reflectida nos seus respectivos informes de data 10/10/2023.



Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 16/10/2023, coas seguintes observacións e recomendacións:

“1.- Á vista do recollido no Prego de Prescricións Técnicas e a pesares do informe complementario do servizo, (CSV): XY5G8U2GO9GVD5ZV, ante as dúbidas suscitadas, esta Intervención recomenda se realice unha consulta ante o Ministerio de Política Territorial, sobre a correcta imputación orzamentaria e a elixibilidade dos gastos antes da adxudicación do contrato.

2.- Na declaración de ausencia de conflito de interese (DACI), a data de hoxe falta pro asinar algunha das persoas participantes no procedemento de execución.

3.- () Respecto dos apartados 6, 7 e 8 dos aspectos específicos PRTR: O subproxecto correspondente á actuación proposta non establece fitos e obxectivos, obrigas referidas ao etiquetado verde ou dixital de aplicación ni condicionantes específicos de DNSH, mais alá das referidas á propia adxudicación e execución do contrato segundo recolle a ficha de definición do subproxecto, o que xustifica a non inclusión destas referencias nos pregos nin na documentación anexa.*

4.- Na cláusula 10.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.

No informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio/subcriterio.

5.- Recordar que, en todo caso, con carácter previo á adxudicación deberá acreditarse o cumprimento das esixencias en materia de análises de risco de conflito de intereses, nos termos definidos na Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de maneira que ademais da sinatura dos DACI, se incorpore o resultado da análise correspondente á aplicación MINERVA”.

Tendo en conta o artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal calificáanse como contratos de subministración os contratos que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens móbiles.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da *“Implantación dunha plataforma de comunicación cidadá dos concellos da provincia de Pontevedra no marco do PRTR compoñente 11, inversión 3 e da Orde TER/836/2022. liña 1 (Fondos Next Generation EU)”*.

O prazo máximo de duración será de 4 meses contados a partires da formalización do correspondente contrato pola empresa adxudicataria. A partir desa data comezará o período de garantía da solución.

Non obstante, a Deputación de Pontevedra resérvase a facultade de renunciar ao contrato no caso de que non sexa posible a súa adxudicación antes do 31 de decembro do 2023, agás que o Ministerio de Política Territorial aprrobe unha nova ampliación do prazo de execución do proxecto antes da data indicada.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 170.000,00€.

O valor estimado é de 140.495,87€.

En todo caso, a adxudicación quedará condicionada a acreditación do cumprimento das esixencias en materia de análises de risco de conflito de intereses, nos termos definidos na Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de maneira que ademais da sinatura dos DACI, e se incorpore o resultado da análise correspondente á aplicación MINERVA.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 6JBXWHL8375V272S) e de prescricións técnicas (CSV: A8591OMX6KCRDXV0) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 170.000,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 23/926.4910.652.99 do vixente orzamento provincial.

4.- Nomear responsable do contrato a Juan Gabriel Fernández García de la Rocha, Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.



3.33073.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “URBANIZACIÓN DA RÚA CONDESA E ÁREAS DE ESTACIONAMENTO EN BARRANTES (CONCELLO DE RIBADUMIA)”. (Expte.2023056043)

No desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

A Deputación de Pontevedra é titular da estrada E.P. 9506 Barrantes-Vilariño, que transcorre polo Concello de Ribadumia.

O treito que se atopa entre o P.Q. 1+795 e o P.Q. 3+600 está construído con características vinculadas ao uso de vehículos, imposibilitando que, en moitos puntos, o uso peonil se poida realizar con plenas condicións de seguridade.

A E.P. 9506 é unha estrada de dobre sentido de circulación e de sección variable cuxa zona de actuación está situada integramente no Concello de Ribadumia. Ao longo do treito atopamos unha sección con dobre sentido de circulación e beirarrúas estreitas en ambas marxes (a excepción dos últimos cen metros da zona de actuación na marxe esquerda que presenta unha cuneta) sen prazas de estacionamento e con beiravías entre a zona de calzada e as beirarrúas, o que da lugar a situacións de risco e inseguridade para os usuarios.

Preténdese mellorar as condicións de seguridade e mobilidade mediante a urbanización da Rúa Condesa (treito inicial da EP-9506 do P.Q. 0+115 ao P.Q. 0+420) e a execución das áreas de estacionamento nas parcelas anexas ao viario indicadas nos planos, situados na contorna do conxunto educacional e deportivo que conforman os edificios do núcleo urbano de Barrantes.

Con data 04 de setembro de 2023 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Ribadumia, convenio de colaboración par a execución do “Urbanización da Rúa Condesa e áreas de estacionamento. Barrantes”, por importe de 704.482,97 €

O citado convenio recolle que os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Ribadumia mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	493.138,08 €	70
Concello de Ribadumia	211.344,89 €	30
TOTAL INVESTIMENTO	704.482,97 €	100



Recolle o citado convenio, que lle corresponde á Deputación, redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto do citado convenio, a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

A Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adjudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adjudicar o contrato de obras “Urbanización da Rúa Condesa e áreas de estacionamento en Barrantes (Concello de Ribadumia)”.

Sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo arquitecto Manuel Tanoira Carballo adscrito á empresa Brota Arquitectura, o proxecto de execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+Urbanización da Rúa Condesa e áreas de estacionamento en Barrantes (Concello de Ribadumia)*” cun orzamento base de licitación de 704.482,97 € IVE incluído.. A este proxecto asígnouse o código (CSV) XI7HKA17CQFV4SP3.

Consta no expediente informe de supervisión favorable do proxecto de data 12 de xuño de 2023 asinado polo enxeñeiro de proxectos de Infraestruturas e Vías Provinciais, Jaime Ruibal de Sola, onde se fai constar que o proxecto cumpre coa normativa urbanística e a avaliación ambiental CSV: V17TLKCPRGO1GYLW.

Pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 704.482,97 €, con número de operación 202300153061 con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que con data 13/10/2023 emitiu informe a Intervención recollendo o seguinte: “...*Na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02, dentro do proxecto de gasto código nº 202300600, existe crédito retido para facer fronte a este gasto mediante documento RC nº 202300153061, por importe de 704.482,97 €. De conformidade co disposto no art. 116.5 da LCSP, antes da aprobación do expediente de contratación, deberá acreditarse a plena dispoñibilidade de tódalas achegas. Sinalar a este respecto que, a día de hoxe, resta pendente o ingreso por parte do Concello de Ribadumia da súa achega por importe de 211.344,89 € (...). CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente tendo en conta o sinalado no apartado de financiamento...*”

Resultando.- Que con data 07/02/2022 emitiu informe o director de Infraestruturas e Vías Provinciais, recollendo o seguinte: “...*Vistas as observacións do Servizo de Intervención indicar que o orzamento base de licitación adecúase ós prezos actuais de mercado...*”

Considerando.- Que, para a execución das obras, é necesaria a cesión de terreos afectando a 6 parcelas de titularidade privada indicadas no proxecto e a maiores, o ámbito da obra abrangue a totalidade da superficie de 3 parcelas que actualmente son titularidade do Concello de Ribadumia. Actualmente o concello xa ten posto a disposición da Deputación tódolos devanditos terreos segundo certificado da Secretaria do Concello de Ribadumia de data 07/06/2023 e que consta no expediente con CSV: 37MMMHQEMUB4MVOW.



Considerando.- Que non é necesario ningunha autorización mais derivadas da normativa sectorial aplicable, consonte ao artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: "...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación..."

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra "*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+Urbanización da Rúa Condese e áreas de estacionamento en Barrantes (Concello de Ribadumia)*", redactado polo arquitecto Manuel Tanoira Carballo adscrito á empresa Brota Arquitectura, cun orzamento base de licitación de 704.482,97 €, IVE incluído. A este proxecto asígnouse o código (CSV) XI7HKA17CQFV4SP3.

4.33074.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A "SUBMINISTRACIÓN DE BIOMASA COMBUSTIBLE EN FORMA DE PELLETS DE MADEIRA PARA AS CALDEIRAS DE BIOMASA INSTALADAS NO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE". (Expte.2022070543)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 16 de xuño de 2023, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da "*Subministración de biomasa combustible en forma de pellets de madeira para as caldeiras de biomasa instaladas no Centro Príncipe Felipe*" cun orzamento de licitación de 245.025 € (con IVE).

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 20 de xuño de 2023, aparecendo publicado o día 22 de xuño de 2023 (Anuncio de licitación 2023/S 119-377537), así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 22 de xuño de 2023. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.



Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 31 de agosto de 2023, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras:

- ACTTIA MEDIOAMBIENTAL, S.L. (CIF: B15743750)
- BOLUME ENERXIA S.L. (CIF: B32430944)
- COMBUSTIBLES GARBOSA, S.L. (CIF: B86253374)
- GESTCALOR SL (CIF: B94038106)
- GLOBAL BIOMASSE, S.L. (CIF: B32481889)
- MOSQUERA VILLAVIDAL,SL. (CIF: B32117764)
- SERVICIOS LACAR SALNES SOCIEDAD LIMITADA (CIF: B01747328)

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, presentados polas empresas licitadoras sendo os valores:

LICITADORES	Importe ofertado por tonelada sen IVE
ACTTIA MEDIOAMBIENTAL, S.L. (CIF: B15743750)	325,00 €
BOLUME ENERXIA S.L. (CIF: B32430944)	270,00 €
COMBUSTIBLES GARBOSA, S.L. (CIF: B86253374)	316,00 €
GESTCALOR SL (CIF: B94038106)	331,00 €
GLOBAL BIOMASSE, S.L. (CIF: B32481889)	335,00 €
MOSQUERA VILLAVIDAL, SL. (CIF: B32117764)	323,90 €
SERVICIOS LACAR SALNES S.L. (CIF: B01747328)	350,00 €

A continuación procedeuse á valoración das ofertas económicas detectando que as oferta presentada pola empresa BOLUME ENERXIA S.L. (NIF: B32430944), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado, solicitándose a dita empresa xustificación.

Con data 07/09/2023 BOLUME ENERXIA S.L presenta por rexistro (WEB2023052347) xustificación que se traslada ao Centro Príncipe Felipe, que , mediante informe de data 20/09/2023 (ZHI2RBF7IFSLKM77), establece que “*non se considera que a empresa BOLUME ENERXIA, S.L (CIF: B32430944) xustifique de forma fehaciente a súa oferta económica anormal ou desproporcionada*”.



Procédese a efectuar a ponderación dos valores ofertados no sobre B de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico administrativas das empresas admitidas sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

LICITADORES	Sobre B Criterio prezo ofertado, ata un máximo de 100 puntos.
COMBUSTIBLES GARBOSA, S.L. (CIF: B86253374)	100 puntos
MOSQUERA VILLA VIDAL,SL. (CIF: B32117764)	93,706 puntos
ACTTIA MEDIOAMBIENTAL, S.L. (CIF: B15743750)	92,830 puntos
GESTCALOR SL (CIF: B94038106)	88,098 puntos
GLOBAL BIOMASSE, S.L. (CIF: B32481889)	85,136 puntos
SERVICIOS LACAR SALNES SOCIEDAD LIMITADA (CIF: B01747328)	74,032 puntos

De conformidade co exposto, a Mesa de Contratación, na sesión do día 28 de setembro de 2023 aprobou a clasificación, e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación da subministración de biomasa combustible en forma de pellets de madeira para as caldeiras de biomasa instaladas no Centro Príncipe Felipe a empresa COMBUSTIBLES GARBOSA, S.L. (CIF: B86253374).

Mediante Resolución Presidencial número RP2023007479, de 5 de outubro de 2023 o órgano contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require a citada empresa que presenta a mellor oferta.

Con data 18 de outubro COMBUSTIBLES GARBOSA SL presenta por rexistro (WEB2023057394) a documentación de requirimento, cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e quedando debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva mediante transferencia bancaria, na carta de pago nº 202300211895 de data 10/10/2023 por importe de 10.125 €.

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións, cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluír do procedemento de contratación a BOLUME ENERXIA S.L. (B32430944) pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non poden cumprir o contrato.
2. Adxudicar o contrato de Subministración de biomasa combustible en forma de pellets de madeira para as caldeiras de biomasa instaladas no Centro Príncipe Felipe a empresa COMBUSTIBLES GARBOSA, S.L. (B86253374) polos valores seguintes:

Prezo por tonelada ofertado:

Importe sen o IVE:	316,00 €
IVE (21%):	66,36 €
Importe total ofertado:	382,36 €

O prazo de duración do contrato será de un ano, a contar desde a data que figure no documento de formalización. Establécese a posibilidade de unha prórroga por unha anualidade.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiarase con cargo as aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2023 (1 meses)	232.2312.221.03	14.338,50 €
2024 (11 meses)	232.2312.221.03	157.723,50 €

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.

O importe correspondente á anualidade de 2024 quedará condicionado á aprobación do respectivo orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo.

No obstante, as obrigas económicas para a Deputación de Pontevedra serán as que resulten dos pedidos que se realicen ao abeiro do contrato, que se axustarán aos prezos máximos previstos no prego, axustados, no seu caso, á oferta da empresa adxudicataria. A adxudicación farase en base aos prezos unitarios.

Forma de pagamento: PARCIAL



Fitos de facturación:

O pagamento á empresa adxudicataria realizarase contra a presentación das correspondentes facturas, unha vez conformadas pola persoa responsable do contrato e sempre trala correspondente comprobación cos albarás.

A tales efectos, por cada pedido realizado dende o Centro Príncipe Felipe, entregarase o correspondente albará no que se identificará claramente o tipo e cantidade dos bens entregados.

Os albarás deberán ser selados e asinados pola persoa que recepcione a mercadoría ou persoa responsable do pedido. O apartado 4 do prego técnico establece o contido mínimo que debe ter o albarán.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FAcE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2022070543	
Órgano xestor:	LA0006112	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Ana M^a Soto Prieto, xefa de xestión administrativa do Centro Príncipe Felipe.

As empresas adxudicatarias deberán formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.



5.33075.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NAS INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS SOSTIBLES II CORRESPONDENTES CO EXPEDIENTE PR-D5000-001085 DENTRO DO PROGRAMA DUS 5000 NO MARCO DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RETO DEMOGRÁFICO DO PLAN DE RECUPERACIÓN TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA. (Expte.2023030782)

Por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 28 de xullo de 2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do contrato mixto de Subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética instalacións fotovoltaicas sostibles II correspondentes co expediente PR-D5000-2021-001085 dentro do programa DUS 5000 no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de Recuperación Transformación e resiliencia que comprende as seguintes actuacións:

Lote	Denominación do lote	Proxectos / actuacións
1	Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas I	Proxecto 1.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalación solares fotovoltaicas para autoconsumo no edificio Casa do concello do Forcarei. Proxecto 4.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalación solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa do concello, Centro de saúde e Albergue do concello de Dozón.
2	Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas II	Proxecto 2.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalación solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa Consistorial e Polideportivo e piscina municipal do Concello de Caldas de Reis.
3	Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas III	Proxecto 3.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalación solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Colexio público integrado e Pavillón de deportes do Concello de Catoira. Proxecto 5.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalación solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Piscina e Club Náutico, Casa da Cultura e complexo deportivo do Concello de Ribadumia.



O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE para a súa publicación e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 28/07/2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 31/08/2023 procedeu a apertura dos sobres “A”, correspondente á documentación administrativa, sendo as empresas presentadas e admitidas as seguintes:

Setga SLU.- CIF B36699064 (Lotes 1, 2 e 3)

Así mesmo acorda non admitir a oferta da empresa Fluelex Eigra SA ao terse presentado fora do prazo.

Así mesmo na mesma reunión procedeu á apertura electrónica dos sobres B, correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentados polas empresas admitidas remitíndose a mesma aos técnicos do Servizo de Cooperación a efectos da súa valoración.

A Mesa de Contratación en reunión celebrada o día 14/09/2023 en base o informe de valoración emitido con (CSV) (90TWK593ZSNA2RYC) acorda prestar conformidade as puntuacións correspondentes aos criterios avaliables mediante xuízos de valor acadadas polas empresas admitidas, sendo ditas puntuacións as seguintes:

CRITERIOS	SUBCRITERIOS	PUNTOS	DESCRIPCIÓN	PTOS. MAX	LOTE I	LOTE I	LOTE III
4a	Nivel de conocimiento de los trabajos y calidad en la planificación.	12	Nivel de conocimiento	4	4	4	4
			Los recursos que se dedicarán	4	3	3	3
			La aplicación de la UNE-EN ISO 9001	2	2	2	2
			o La aplicación de los procedimientos de la UNE-EN ISO 14001	2	2	2	2
4b	Calidad de los equipos de aeroterapia	12	Características técnicas de los equipos	5	4	4	4
			Calidad del diseño	4	2	2	2
			Marca de reconocido prestigio	3	3	3	3
4c	Calidad del resto de componentes de la instalación	8	Materiales empleados	4	3	3	3
			Grado de protección IP e IK	2	2	2	2
			Vida útil estimada	2	2	2	2
4d	Software de monitorización	8	Capacidad del sistema de monitorización	3	2,5	2,5	2,5
			Características del programa de mantenimiento del software	3	1	1	1
			Facilidad de uso y la cantidad de información disponible	2	1	1	1
PUNTOS TOTALES		100		40	31,5	31,5	31,5

A continuación, a Mesa de Contratación procede á apertura electrónica dos sobres C, das empresas que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (20,00 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas sendo os valores ofertados os que constan no certificado da mesa con CSV (EN9IH7HZXXBL13V7).



Procédese de seguido a efectuar a ponderación de ditos valores de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas, sendo as puntuacións obtidas, segundo constan no informe emitido polo Xefe do Servizo de Contratación con CSV (73RI8EK8JHLVNWHW), as seguintes:

Criterios automáticos	Puntuación lote 1 Setga SLU	Puntuación lote 2 Setga SLU	Puntuación Lote 3 Setga SLU
Prezo ofertado	14,00	14,00	14,00
Prazo de garantía	10,00	10,00	10,00
Porcentaxe de control de calidade	10,00	10,00	10,00
Total	34,00	34,00	34,00

A Mesa de contratación en reunión celebrada o día 21/09/2023 acordou aprobar a clasificación acadada polas ofertas presentadas polas empresas que concorren no procedemento aberto, que queda da seguinte forma:

Lote 1

POSICIÓN	EMPRESAS	Puntuación Total
1 ^a	Setga SLU (CIF B36699064)	65,50

Lote 2

POSICIÓN	EMPRESAS	Puntuación Total
1 ^a	Setga SLU (CIF B36699064)	65,50

Lote 3

POSICIÓN	EMPRESAS	Puntuación Total
1 ^a	Setga SLU (CIF B36699064)	65,50

Así mesmo a Mesa de Contratación en dita reunión acordou propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación dos tres lotes do referido procedemento aberto, a empresa Setga SLU (CIF B-36.699.064).



Visto que o persoal técnico do servizo de Contratación, con data 27/09/2023, comproba que a empresa Setga SLU (CIF B36699064) atópase inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de inscrición 678, e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, e demais circunstancias inscritas, así como a non concorrencia das prohibicións de contratar e de que a empresa se atopa ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Mediante Resolución Presidencial número 2023007362 o órgano de contratación acorda aceptar a proposta da Mesa de Contratación, de data 26/09/2023 (CSV: 6PBQG0G3NA45N6CJ) , de adxudicar os lotes nº1, nº2 e nº3 do contrato, sempre e cando cumprimente correctamente a documentación establecida no artigo 150.2 da Lei de Contratos do Sector Público e nos pregos reguladores do procedemento, á empresa Setga SLU (CIF B36699064). e requirirlle a dita empresa que presenta a mellor oferta nos tres lotes do contrato, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a restante documentación, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa Setga SLU (CIF B-36.699.064) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2023057773), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución das garantías definitivas polos seguintes importes :

	Importe	Carta de pago (nº operación)
Lote 1	1.139,90 €	202300213914
Lote 2	2.019,73 €	202300213915
Lote 3	2.506,68 €	202300213953

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Visto que consta no expediente os resultados da análise de risco de conflito de interese realizado por Minerva para a petición con identificador ACILDL23090621413917.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do



Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- 1.- Non admitir a oferta da empresa Fluelex Eigra SA ao terse presentado fora do prazo.
- 2.- Adxudicar os tres lotes do contrato de subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética instalacións fotovoltaicas sostibles II correspondentes co expediente PR-D5000-2021-001085 dentro do programa DUS 5000 no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de Recuperación Transformación e resiliencia a empresa Setga SLU (CIF B-36.699.064) conforme ao seguinte detalle:

Lote	Denominación	Prezo ofertado sen IVE	IVE	Prezo total ofertado (IVE incluído)
1	Proxecto 1. Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo no edificio Casa do Concello de Forcarei.	22.798,02 €	4.787,58 €	27.585,60 €
	Proxecto 4.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa do Concello, Centro de saúde e albergue do Concello de Dozón			
2	Proxecto 2. Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa Consistorial e Polideportivo e Piscina Municipal do Concello de Caldas de Reis.	40.394,55 €	8.482,85 €	48.877,40 €
3	Proxecto 3.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Colexio Público Integrado e Pavillón de Deportes do Concello de Catoira	50.133,51 €	10.528,04 €	60.661,55 €
	Proxecto 5.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Piscina e Club Náutico, Casa da Cultura e Complexo Deportivo do Concello de Ribadumia.			



-Prazo de garantía ofertado: 36 meses.

-Porcentaxe de control de calidade sobre o orzamento de execución material ofertado: 3 %

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2023	2023/942.1700.652.15/2021	1.350,16 €
	2023/942.1700.652.15	135.774,39 €

Forma de pagamento: parcial de acordo cos seguintes fitos de facturación: O pagamento efectuarase mediante certificacións mensuais polo importe dos traballos executados obtida das correspondentes medicións e aplicando a porcentaxe de baixa correspondente ao prezo de adxudicación de cada lote.

A porcentaxe de baixa será a mesma para todas as actuacións que forman parte dun mesmo lote e obterase en función do prezo de adxudicación dese lote.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicatario ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Nº de expte. e lote	2023030782 Lote_____		
Órgano xestor:	LA0006138	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.



Responsable do contrato: O Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación, Eugenio José Marcote Carballo ou persoa na que delegue.

A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de dez días naturais, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

6.33076.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP-2703 PAZOS-PONTEAREAS, DENDE O P.Q. 0+000 O P.Q. 11+335 (CONCELLOS DE PAZOS DE BORBÉN E PONTEAREAS)”.
(Expte.2023010861)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a *E.P. 2703 Pazos-Ponteareas* que percorre os termos municipais de *Pazos de Borbén e Ponteareas* pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 11.335 km.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na E.P. 2703 Pazos-Ponteareas resulta necesario proceder á reparación da estrada dende o P.Q. 0+000 ó P.Q. 11+335, mediante o fresado da estrada, reposición do firme e sinalización, mellora da drenaxe, execución de cuneta revestida e instalación de sistemas de contención de vehículos, co fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.



Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria na EP-2703 Pazos-Ponteareas, dende o P.Q. 0+000 o P.Q. 11+335 (Concellos de Pazos de Borbén e Ponteareas)*”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse pola enxeñeira María Elena Pérez Alonso, adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria na EP-2703 Pazos-Ponteareas, dende o P.Q. 0+000 o P.Q. 11+335 (Concellos de Pazos de Borbén e Ponteareas)*”, cun orzamento base de licitación de 789.520,90 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) KV9NCW49NAD5V1KZ.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 789.520,90 €, con número de operación 202300047315 con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 10/03/2023 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria na EP-2703 Pazos-Ponteareas, dende o P.Q. 0+000 o P.Q. 11+335 (Concellos de Pazos de Borbén e Ponteareas)*”, redactado pola enxeñeira María Elena Pérez Alonso, adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, cun orzamento base de licitación de 789.520,90 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) KV9NCW49NAD5V1KZ.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na sesión ordinaria que tivo lugar o día 16 de xuño de 2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra “*Mellora da seguridade viaria na EP-2703 Pazos-Ponteareas, dende o P.Q. 0+000 o P.Q. 11+335 (Concellos de Pazos de Borbén e Ponteareas)*” por un importe de 789.520,90 €. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 20 de xuño de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 31/08/2023 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria na EP- 2703 Pazos-Ponteareas, dende o P.Q. 0+000 o P.Q. 11+335 (Concellos de Pazos de Borbén e Ponteareas)*”.



As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.
- HORDESCON, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L..

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que o Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Rosendo Alonso Fernández, con data 8 de setembro de 2023, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

Licitadores	Memoria e Programa de Traballo	Plan de Actuacións Medioambientais	Puntuación Sobre “A”
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	22,00	3,00	25,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	18,00	3,00	21,00
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	20,00	3,00	23,00
HORDESCON, S.L.	16,00	2,00	18,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	18,00	3,00	21,00
NAROM, S.L.	22,00	3,00	25,00

Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 14/09/2023 en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Rosendo Alonso Fernández, de data 8 de setembro de 2023, acorda prestar conformidade ás puntuacións acadadas polas empresas neste procedemento.

Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliada mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.



Os valores ofertados foron os seguintes:

Licitadores	Sobre "B"				
	Oferta Económica	Control Calidade	Prazo de Garantía	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	602.450,12 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	590.966,18 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	591.814,43 €	3%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	629.267,73 €	3%	24 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	613.085,82 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	589.204,44 €	3%	36 MESES	SI	SI

Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

Licitadores	Sobre "B"				Puntuación Sobre "B"
	Valoración Económica	Prazo de Garantía	Control Calidade	UN-EN ISO 9001/14001	
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	24,56	5,00	5,00	5,00	39,56
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	30,14	5,00	5,00	5,00	45,14
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	29,73	5,00	5,00	5,00	44,73
HORDESCON, S.L.	11,40	2,50	5,00	5,00	23,90
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	19,34	5,00	5,00	5,00	34,34
NAROM, S.L.	31,00	5,00	5,00	5,00	46,00



Resultando.- Que en virtude das puntuacións obtidas, a Mesa de Contratación acordou a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria na EP- 2703 Pazos-Ponteareas, dende o P.Q. 0+000 o P.Q. 11+335 (Concellos de Pazos de Borbén e Ponteareas)*” que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	NAROM, S.L.	25,00	46,00	71,00
2	CONSTRUCTIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	23,00	44,73	67,73
3	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	21,00	45,14	66,14
4	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	25,00	39,56	64,56
5	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	21,00	34,34	55,34
6	HORDESCON, S.L.	18,00	23,90	41,90

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da “*Mellora da seguridade viaria na EP- 2703 Pazos-Ponteareas, dende o P.Q. 0+000 o P.Q. 11+335 (Concellos de Pazos de Borbén e Ponteareas)*”, á empresa NAROM, S.L., por un importe de 712.937,37 €, IVE incluído.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a empresa NAROM, S.L., figura inscrita no Rexistro de Licitadores do Estado (ROLECE) e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (nº 2260) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social , a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida NAROM, S.L., para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a mesma, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 29.460,22 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 26/09/2023 con número de operación 202300198895.



Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: *“...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluirá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”*

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa INGENIERIA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L o “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Centro)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na dilixencia de inicio de expediente, á empresa INGENIERIA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. para a adxudicación do Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra "Mellora da seguridade viaria na EP-2703 Pazos-Ponteareas, dende o P.Q. 0+000 o P.Q. 11+335 (Concellos de Pazos de Borbén e Ponteareas)", por un importe estimado de 3.811,50€.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención con (CSV) Z772S8CDK0A5KD20 no que se recolle que aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto código nº 2023010861, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto emitíuse o documento RC nº 202300060971.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Adxudicar á empresa NAROM, S.L., (CIF B36163418) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria na EP-2703 Pazos-Ponteareas, dende o P.Q. 0+000 o P.Q. 11+335 (Concellos de Pazos de Borbén e Ponteareas)”, por un importe de 712.937,37€, IVE incluído, de acordo co seguinte detalle

Importe ofertado	589.204,44 €
IVE (21%)	123.732,93 €
Importe Total.....	712.937,37 €



O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O prazo de execución será de SEIS (6) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

As obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2023010861.

2. Nomear directora de obra á enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona María Elena Pérez Alonso.
3. Adxudicar á empresa INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (B81470841) o Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra “*Mellora da seguridade viaria na EP-2703 Pazos-Pontearreas, dende o P.Q. 0+000 o P.Q. 11+335 (Concellos de Pazos de Borbén e Pontearreas)*” (Expte.2023014071), por un importe de 3.811,50 € IVE Incluído e de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	3.150,00 €
IVE (21%).....	661,50 €
Importe Total.....	3.811,50 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

As obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 23/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2023014071

7.33077.- AMPLIACIÓN DO PRAZO EXECUCIÓN CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-7203, DENDE O P.Q. 0+000 ATA O P.Q. 0+380. SOUTELO DE MONTES (FORCAREI)”. (Expte.2022045200)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 19/05/2023 acordou adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L. (CIF B36816189) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra " Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+380. Soutelo de Montes (Forcarei)" por un importe de 327.253,15 € IVE incluído, e un prazo de execución de CATRO (4) MESES.

Resultando.- Que data 12/06/2023 formalízase acta de comprobación de replanteo, establecendo coma data para finalizar a obra o día 12/10/2023.

Resultando.- Que mediante escrito presentado a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX-WEB20230550884) na data 26/09/2023, o contratista solicita unha ampliación do prazo de execución do contrato de UN (1) MES, debido a que o retraso na execución dos traballos de obra civil que necesariamente UFD ten que executar na zona de calzada e senda, para o soterramento da rede eléctrica, provocou que se tiveran que ralentizar a execución da obra nas zonas afectadas por ditos traballos baixando os rendementos dos traballos da obra.

Resultando.- Consta no expediente informe do director de obra (CSV) UKQ32OMRWF14O6T0 no que se recolle que a Dirección facultativa considera que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista, posto que se trata de obra civil soterrada con liña existente para subministro eléctrico que se atopan na zona da calzada e da senda e que debe necesariamente ser executada por UFD e que estivo obrigando a retardar os traballos nesa zona, provocando que os rendementos sexan mínimos. Por todo o anterior, considérase que o tempo perdido é de un mes, polo que a prórroga que procede conceder para o prazo de execución da obra é de UN (1) MES, ata o 12 de novembro de 2023.



Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario da Deputación e o Interventor (CSV) R6U98BQ14ZVKXVJP no que se recolle que en atención o informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente autorizando a ampliación do prazo de execución en UN (1) MES, sendo a data de finalización deste contrato o 12/11/2023.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: *“...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”*

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: *“...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”*

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: *“1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”*

Considerando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 19/05/2023 acordou adjudicar á empresa TECNICA Y PROYECTOS, S.A. (A28171288) o Contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saúde na obra *“Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+380. Soutelo de Montes (Forcarei)”*.

Considerando.- Que o PCAP que rexe nesta contratación establece que atendendo ás necesidades existentes adjudicaranse os correspondentes contratos derivados.

Considerando.- Que os traballos obxecto dos contratos derivados que se adjudiquen terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse á empresa TECNICA Y PROYECTOS, S.A., para a adjudicación do Contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saúde na prórroga da obra *“Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+380. Soutelo de Montes (Forcarei)”*, por un importe de 542,62€, IVE incluído.

Considerando.- O informe emitido pola xefa do Servizo de Fiscalización que consta con CSV: 0UAH2PFX86W99OND, no que se recolle que na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02, dentro do proxecto de gasto código nº 2017003642/47, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202300204320.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Conceder á empresa CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L., unha ampliación de prazo de UN (1) MES, na execución do contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+380. Soutelo de Montes (Forcarei)*” establecendo coma data para finalizar a obra o día 12/11/2023, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.
2. Adxudicar á empresa TECNICA Y PROYECTOS, S.A. (A28171288) o Contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saúde na prorroga da obra “*Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+380. Soutelo de Montes (Forcarei)*” (expte 2023062091), por un importe de 542,62 de acordo co seguinte detalle:

Importe	448,45 €
IVE (21 %)	94,17 €
Importe total	542,62 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado terán lugar durante UN (1) MES polo que se amplía o prazo de execución do contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+380. Soutelo de Montes (Forcarei)*”, con efectos dende o 13/10/2023.

Neste contrato derivado, nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2023062091.

8.33078.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Expte 2023063898)

Vista a relación de facturas con número 2023063898, que contén 9 facturas e por un importe de 23.102,55€, e con CSV: HBC3D4M1T70KZELO, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 13/10/2023, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en *exercicios pechados*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	23.102,55€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	23.102,55€



9.33079.- COMPROMETER O GASTO ÁS ENTIDADES COLABORADORAS DO PROXECTO “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL” NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA 2023/2024 NO MARCO DO PLAN DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE, ACEPTAR AS RENUNCIAS E LIBERAR O CRÉDITO. (Expte. 2023017685)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 31 de marzo de 2023, adoptou, entre outros, o acordo nº 2.3249 de aprobación das bases reguladoras e convocatoria, en réxime de concorrència non competitiva, do proxecto “Primeira experiencia profesional” nos concellos da provincia de Pontevedra 2023/2024 no marco do Plan de fomento da empregabilidade, publicadas no BOPPO Nº 68 do 10 de abril de 2023. O punto 3 da base segunda establece que “O período subvencionable dos contratos formativos será dun máximo dun ano e os contratos deberán comezar o 15 de xuño de 2023 ou na data que se estableza no acordo de concesión”.

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 2 de xuño de 2023, adoptou, entre outros, o acordo de outorgamento da condición de entidades colaboradoras do citado proxecto “(acordo nº9.32710), que foi publicado no BOPPO número 109 do mercores 7 de xuño de 2023. No mesmo, acórdase, ademais, “Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 23/240.2410.489.00 polo importe total de 529.100,00€ para cada un dos concellos que figuran como entidades colaboradoras seleccionadas e na contía que se relaciona no Anexo I. Así mesmo, autorizar o gasto por un importe de 625.300,00€ na aplicación, que será no seu caso, 24/240.2410.489.00 quedando condicionada á aprobación do orzamento do exercicio 2023.”

O punto décimo sétimo das bases reguladoras do proxecto “Primeira experiencia profesional” nos concellos da provincia de Pontevedra 2023/2024 no marco do Plan de fomento da empregabilidade establece que “A xustificación da subvención efectuarase en dúas fases (...)” e que para a xustificación de inicio e a solicitude de pago anticipado “A entidade colaboradora deberá presentar nun máximo de 15 días naturais desde a data de inicio do contrato a documentación xustificativa (...)” de acordo coas bases.

Transcorrido o prazo de presentación da documentación establecida no punto décimo sétimo das bases reguladoras para os contratos iniciados o 15 de xullo de 2023 resulta que:

- Dos 33 concellos participantes como entidades colaboradoras, 2 presentaron a súa renuncia sen formalizar ningún contrato formativo (2 contratos As Neves e 1 contrato Campo Lameiro) e o concello de Forcarei non comunicou o inicio dos dous contratos outorgados no prazo establecido nin respondeu o requirimento para que o presentara.
- Os 30 concellos restantes, participantes como entidades colaboradoras, comunicaron segundo o establecido nas bases a formalización dun total de 66 contratos formativos cumprindo os requisitos esixidos nas bases dos 70 iniciais solicitados; renunciando os concellos de Redondela, Ribadumia e Silleda a un dos contratos solicitados e, por outra parte, o concello de A Illa de Arousa non comunicou o inicio de un dos contratos outorgados nin se obtivo resposta do requirimento para que o presentara.



Visto o informe-proposta do Xefe de servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local, de data 9 de outubro de 2023, no que conclúe que “(...) unha vez iniciadas ás contratacións e xustificadas as mesmas polas entidades colaboradoras e comprobado que cumpren os requisitos esixidos nas bases, procede comprometer o gasto para ás entidades colaboradoras e para cada un dos contratos na contía que se relaciona no Anexo I.

Tamén, en consecuencia, procede a liberación do gasto das entidades que presentaron a súa renuncia a tódolos contratos formativos ou a parte deles como se indica no anexo II.

Por outro lado, nos casos das entidades colaboradoras que non comunican a totalidade ou algún dos contratos outorgados nin atenderon o requirimento notificado a tal fin, que se relacionan no Anexo III, suporá o inicio dos correspondentes expedientes de perda de dereito de cobro, de acordo ao sinalado na base décimo oitava.

Vista a dilixencia de fiscalización e conforme de intervención en relación ao informe proposta do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local de data de 13 de outubro de 2023.

Por todo o exposto, de acordo cos antecedentes e aos fundamentos de dereito e a súa motivación razoada e de conformidade co establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e demais lexislación concordante de aplicación e nas bases reguladora e convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva, para o proxecto “Primeira experiencia profesional” nos concellos da provincia de Pontevedra 2023/2024 no marco do Plan de fomento da empregabilidade, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- 1.- Comprometer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 23/240.2410.489.00 polo importe total de 465.300,00€ para cada un dos concellos que figuran como entidades colaboradoras seleccionadas e na contía que se relaciona no Anexo I. Así mesmo, comprometer o gasto por un importe de 549.900,00€ na aplicación, que será no seu caso, 24/240.2410.489.00 quedando condicionada á aprobación do orzamento do exercicio 2024, segundo o citado Anexo.
- 2.- Aceptar as dúas renuncias presentadas polas entidades colaboradoras para a totalidade dos contratos e as tres renuncias de tres entidades, un contrato cada unha, que se relacionan no anexo II e liberar o gasto pola cantidade total de 42.900,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 23/240.2410.489.00 e 50.700,00€, con cargo á aplicación orzamentaria, que será no seu caso 24/240.2410.489.00 estando condicionada á aprobación do orzamento do exercicio 2024.
- 3.- Aprobar a relación de entidades colaboradoras que non comunican a totalidade ou algún dos contratos outorgados nin atenderon o requirimento notificado a tal fin (Anexo III), polo que nestes casos suporá o inicio dos correspondentes expedientes de perda de dereito de cobro.
- 4.- Publicar o acordo no BOPPO e na web da institución provincial e a súa notificación, no seu caso, ás partes interesadas.



Ditos anexos son como seguen:

ANEXO I
RELACIÓN DE CONCELLOS E IMPORTES COMPROMETIDOS POR CONTRATO
FORMATIVO

Cód. expediente	CIF	Concello	Nº de contratos	Nivel de estudos	Importe mes	Máximo anualidade 2023	Máximo anualidade 2024	Máximo subvencionado
2023035832	P3600900I	A CAÑIZA	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036066	P3600900I	A CAÑIZA	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036772	P8600004I	A ILLA DE AROUSA	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036088	P3600200D	BARRO	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036093	P3600500G	CALDAS DE REIS	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036095	P3600500G	CALDAS DE REIS	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036099	P3600600E	CAMBADOS	1	Ciclo medio de formación profesional	1.000 €	5.500 €	6.500 €	12.000 €
2023036102	P3600600E	CAMBADOS	1	Ciclo medio de formación profesional	1.000 €	5.500 €	6.500 €	12.000 €
2023036107	P3600800A	CANGAS	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036110	P3600800A	CANGAS	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036108	P3600800A	CANGAS	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036111	P3600800A	CANGAS	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036116	P3601000G	CATOIRA	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036117	P3601000G	CATOIRA	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036119	P3601300A	COVELO	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036124	P3602600C	MARÍN	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036125	P3602600C	MARÍN	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	6.600 €	7.800 €	14.400 €



2023036127	P3602600C	MARÍN	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036128	P3602600C	MARÍN	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036129	P3602700A	MEAÑO	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036131	P3602700A	MEAÑO	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036135	P3602800I	MEIS	1	Ciclo medio de formación profesional	1.000 €	5.500 €	6.500 €	12.000 €
2023036137	P3602900G	MOAÑA	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036155	P3602900G	MOAÑA	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036157	P3602900G	MOAÑA	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036158	P3602900G	MOAÑA	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036194	P3603100C	MONDARIZ BALNEARIO	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036159	P3603200A	MORAÑA	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036161	P3603200A	MORAÑA	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036163	P3603500D	NIGRAN	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036165	P3603500D	NIGRAN	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036162	P3603500D	NIGRAN	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036168	P3603500D	NIGRAN	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036178	P3602200B	O GROVE	1	Ciclo medio de formación profesional	1.000 €	5.500 €	6.500 €	12.000 €
2023036180	P3602200B	O GROVE	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	6.600 €	7.800 €	14.400 €



2023036182	P3602200B	O GROVE	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036714	P3603900F	O PORRIÑO	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036716	P3603900F	O PORRIÑO	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036717	P3603900F	O PORRIÑO	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036720	P3603900F	O PORRIÑO	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036704	P3604800G	O ROSAL	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036707	P3604800G	O ROSAL	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036673	P3604500C	REDONDELA	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036669	P3604500C	REDONDELA	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036671	P3604500C	REDONDELA	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036674	P3604600A	RIBADUMIA	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036185	P3604700I	RODEIRO	1	Ciclo medio de formación profesional	1.000 €	5.500 €	6.500 €	12.000 €
2023036687	P3605100A	SANXENXO	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036681	P3605100A	SANXENXO	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036682	P3605100A	SANXENXO	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036684	P3605100A	SANXENXO	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036697	P3605200I	SILLEDA	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036192	P3605300G	SOUTOMAIOR	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036709	P3605400E	TOMIÑO	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036708	P3605400E	TOMIÑO	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036710	P3605400E	TOMIÑO	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036712	P3605400E	TOMIÑO	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €



2023036195	P3605900D	VILA DE CRUCES	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036722	P3606000B	VILAGARCIA DE AROUSA	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036723	P3606000B	VILAGARCIA DE AROUSA	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036727	P3606000B	VILAGARCIA DE AROUSA	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036724	P3606000B	VILAGARCIA DE AROUSA	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036743	P3606100J	VILANOVA DE AROUSA	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036732	P3606100J	VILANOVA DE AROUSA	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036744	P3606100J	VILANOVA DE AROUSA	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036745	P3606100J	VILANOVA DE AROUSA	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €

ANEXO II

RELACIÓN DE CONCELLOS QUE RENUNCIAN Á TOTALIDADE OU ALGÚN DOS CONTRATOS DA SUBVENIÓN E IMPORTES A LIBERAR POR CONTRATO FORMATIVO

Cód. expediente	CIF	Concello	Nº de contratos	Nivel de estudos	Importe mes	Máximo anualidade 2023	Máximo anualidade 2024	Máximo subvencionado
2023036082	P3603400G	AS NEVES	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036073	P3603400G	AS NEVES	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036104	P3600700C	CAMPO LAMEIRO	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036664	P3604500C	REDONDEL A	1	Ciclo medio de formación profesional	1.000 €	5.500 €	6.500 €	12.000 €
2023036678	P3604600A	RIBADUMIA	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036696	P3605200I	SILLEDA	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	6.600 €	7.800 €	14.400 €



ANEXO III
RELACIÓN DE CONCELLOS QUE NON COMUNICAN A TOTALIDADE OU ALGÚN DOS CONTRATOS

Cód. expediente	CIF	Concello	Nº de contratos	Nivel de estudos	Importe mes	Máximo anualidade 2023	Máximo anualidade 2024	Máximo subvencionado
2023036086	P8600004I	A ILLA DE AROUSA	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036122	P3601800J	FORCAREI	1	Ciclo medio de formación profesional	1.000 €	5.500 €	6.500 €	12.000 €
2023036123	P3601800J	FORCAREI	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	7.700 €	9.100 €	16.800 €

10.33080.- PRESTAR CONFORMIDADE Á NOVA MEMORIA TÉCNICA DENOMINADA “RESTAURACIÓN DO TRAMO FINAL DA SENDA PEONIL DO RÍO DE BAÍÑA”, EN SUBSTITUCIÓN DO PROXECTO DE “RESTAURACIÓN DA SENDA PEONIL DO RÍO BAÍÑA” DO INVESTIMENTO “RECONSTRUCCIÓN URXENTE DE MURO EN CAMIÑO O PIÑEIRO E RESTAURACIÓN DE SENDA PEONIL DO RÍO BAÍÑA” DO CONCELLO DE BAIONA, RELATIVO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA MEDIANTE O ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO 3.32841 DE DATA 28/07/2023, MODIFICADO POLO ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO NÚM. 9.32898 DE 11/08/2023; E MODIFICACIÓN DO CITADO ACORDO DE CONCESIÓN (Expte. 2023033532)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 3 de marzo de 2023, adoptou o acordo número 13.32349 polo que se aprobaban as bases reguladoras e a convocatoria extraordinaria para a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, entre o 24 de decembro de 2022 e o 1 de xaneiro de 2023, publicadas no BOPPO núm. 46 de 7 de marzo de 2023.

Segundo.- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2023004393 de data 02/06/2023 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello de acordo coa Base reguladora 6ª das axudas económicas para realizar reparacións de danos causados polas inundacións. No caso concreto do Concello de Baiona constaban precipitacións de 78,79 l/m² polo que resultaba un importe máximo subvencionable de 69.744,00 €.

Terceiro.- En data 03/05/2023, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023029625), ao abeiro do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións, petición do Concello de Baiona, emendada na data 05/05/2023 (núm. rexistros WEB2023030273 e WEB2023030273), na data 02/06/2023 (núm. rexistro WEB2023035754) e na data 26/07/2023 (núm. rexistro WEB2023015870) na que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no



reparto unha subvención por importe de 69.744,00 €, con destino ao financiamento do investimento denominado “Reconstrución urxente muro en O Piñeiro e restauración de senda peonil do Río Baíña”, cun orzamento subvencionable de 174.904,23 €, e unha achega municipal de 105.160,23 €.

O dito investimento incluía dúas actuacións, quedando configurada a súa solicitude tal como se reflicte na seguinte táboa:

ACTUACIÓNS	ORZAMENTO SUBVENCIONABLE	SUBVENCIÓN SOLICITADA	ACHEGA MUNICIPAL
Reconstrución urxente muro en Camiño O Piñeiro	46.122,21€	46.122,21€	-----
Restauración de senda peonil do río Baíña	128.782,02€ (execución de contrato)	23.621,79€	105.160,23€
TOTAL	174.904,23€	69.744,00€	105.160,23€

Cuarto.- Na data 15/05/2023 o expediente informouse favorablemente polo facultativo técnico do Servizo de Cooperación, e na data 26/07/2023 pola xefa do Servizo de Cooperación e pola Intervención provincial.

Quinto.- Mediante o acordo núm. 3.32841 da Xunta de Goberno, do 28/07/2023, rectificada por acordo de Xunta de Goberno núm. 9.32898, de 11/08/2023, resolveuse o seguinte:

“(…) Conceder ao Concello de Baiona, CIF: P3600300B a cantidade de 69.744,00 € con destino ao financiamento do investimento “Reconstrución urxente muro en O Piñeiro e restauración de senda peonil do río Baíña”, cun orzamento subvencionable de 174.904,23 €, e unha achega municipal de 105.160,23 €.

Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada a obtención da autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, para actuación “Reconstrución urxente de muro en camiño O Piñeiro”; para a actuación “Restauración de senda peonil do río de Baíña”, se fan necesarias as autorizacións da Axencia Galega de Infraestruturas e Augas de Galicia, que malia terse pedido, a súa efectiva obtención fai que se condicione a elo a concesión da subvención. Asemade o concello posterga a remisión da acta de trazado previo e a aprobación do proxecto á obtención das autorizacións. É consecuencia, xunto a presentación da xustificación haberá de achegarse as preceptivas autorizacións e a acta de trazado previo”

Sexto.- Mediante a RP núm. 2023006725, de 05/09/2023, rectifícase a RP núm. 2023004393, de 02/06/2023, citada con anterioridade no apartado Segundo, non afectando o contido da rectificación ao importe máximo subvencionable do Concello de Baiona.

Sétimo.- En data 15/09/2023, con núm. de rexistro WEB2023053459, emendado na data 06/10/2023 (núm. rexistro WEB2023057016), o Concello presenta no Rexistro da Deputación unha nova memoria valorada denominada “Restauración do tramo final da senda peonil do río de Baíña” e a resolución da alcaldía de data 08/09/2023 onde declara que debido á urxencia na reparación do tramo final da senda, solicitan o cambio de documento técnico respecto da memoria presentada inicialmente coa solicitude (“Restauración de senda peonil do río Baíña”).



Da documentación que obra no expediente, infírese que o cambio de documento técnico ven motivado pola urxencia da reparación por ser unha zona de moito uso para a veciñanza e atópase moi danada pola crecida do río Baíña. A nova actuación pasa a denominarse “*Restauración do tramo final da senda peonil do río de Baíña*”.

Oitavo.- A nova memoria valorada das obras a realizar, que non modifica a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada, supón unha minoración no orzamento subvencionable que pasa de 174.904,23 € a un orzamento de execución de ambos proxectos de 91.479,06 € e minoraríase a achega municipal ata 21.735,06 euros. O importe da subvención mantense igual, pola cantidade de 69.744,00 €, quedando configurado tal como se reflicte na seguinte táboa:

ACTUACIÓNS	ORZAMENTO SUBVENCIONABLE	SUBVENCIÓN SOLICITADA	ACHEGA MUNICIPAL
Reconstrución urxente muro en camiño O Piñeiro	46.122,21€	46.122,21€	
Restauración do tramo final da senda peonil do río de Baíña	45.356,85€	23.621,79€	21.735,06€
TOTAL	91.479,06€	69.744,00€	21.735,06€

Noveno.- A nova memoria conta co informe de supervisión favorable do enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación de data 09/10/2023.

Décimo.- Así mesmo, as actuacións contan co informe favorable da xefa do Servizo de Cooperación de data 10/10/2023 e da Intervención provincial de data 13/10/2023.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación (OXS).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións.



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións , relativa ao procedemento de concesión, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que o órgano instrutor solicitará o informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesarios, e que se fará un informe proposta para a aprobación da concesión da axuda.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS, que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 10.9 da OXS, que sinala que se achegará a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos tras a concesión no prazo que fixen as bases reguladoras, ou na súa falta, no de quince días seguintes á notificación ou, no seu caso, publicación da resolución.
- Artigos 17 e ss. da OXS, que regulan o procedemento de concesión.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 34 e 35 da LBRL e nos artigos 61 e 63 do ROFRXEL correspóndelle á Xunta de Goberno ser o órgano competente para a concesión desta subvención.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do ROFRXEL e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación, de data 09/10/2023, e da xefa do Servizo de Cooperación de data 10/10/2023 que conclúen favorablemente a tramitación da modificación do acordo de subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 13/10/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Dar conformidade á nova memoria técnica denominada “Restauración do tramo final da senda peonil do río de Baíña”, en substitución do proxecto técnico presentado inicialmente polo Concello de Baiona e denominado “*Restauración da senda peonil do río Baíña*”, aos efectos de que o investimento que se financia coa subvención da Deputación dentro do Plan de Axudas de reparación de danos causados polas inundacións, poida ser executado nos termos establecidos polo concello.
- Modificar no acordo de Xunta de Goberno núm. 3.32841, de data 28/07/2023, modificado por acordo de Xunta de Goberno núm. 9.32898, de 11/08/2023, o cadro de financiamento do investimento presentado polo Concello de Baiona, resultando a minoración do orzamento e da achega municipal ata os importes de 91.479,06 euros e 21.735,06 euros, respectivamente, tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ACTUACIÓNS	ORZAMENTO SUBVENCIONABLE	SUBVENCIÓN CONCEDIDA	ACHEGA MUNICIPAL
Reconstrución urxente muro en camiño O Piñeiro	46.122,21€	46.122,21€	
Restauración do tramo final da senda peonil do Río de Baíña	45.356,85€	23.621,79€	21.735,06€
TOTAL	91.479,06€	69.744,00€	21.735,06€

- A subvención está condicionada á obtención da autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e á aprobación do proxecto para a actuación de “*Reconstrución urxente de muro en camiño O Piñeiro*”; á obtención da autorización sectorial de Augas de Galicia para a actuación de “*Restauración do tramo final da senda peonil do río de Baíña*”; así como á remisión das actas de trazado previo (anexo III) para ambas actuacións, que o Concello deberá achegar coa documentación da xustificación.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Baiona, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



11.33081.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO CON FARO DE VIGO, S.A.U. PARA A COBERTURA PUBLICITARIA DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A ANUALIDADE 2023.
(Expte.2022057958)

Por Resolución Presidencial de data 23/09/22, número 2022006769, aprobouse o Plan de Comunicación da anualidade 2023 da Deputación de Pontevedra. No apartado referido aos medios de comunicación na provincia de Pontevedra cítase entre outros a Faro de Vigo como medio apropiado para dar difusión ás diferentes campañas que porá marcha a institución provincial, tendo en conta que:

- Faro de Vigo é o xornal decano da prensa española. Marca de información de líder no sur de Galicia cunha difusión total de 18.077 exemplares diarios, dos que 17.408 son na provincia de Pontevedra (2,6 veces superior ao segundo diario).
- Faro de Vigo é o soporte de maior penetración na provincia de Pontevedra, mesmo por encima de televisión e radio.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria de 24/11/22 adoptou, entre outros, o acordo de adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación dos servizos publicitarios con “FARO DE VIGO, S.A.U” para a anualidade 2023.

A Deputación de Pontevedra non se compromete a realizar un número mínimo de insercións publicitarias nin a gastar una cantidade fixa, senón que dependerá das necesidades que vaian xurdindo para facer as citadas publicacións, que se axustarán aos prezos indicados, sen que o gasto total poda superar o importe de 272.500,00€.

A xefa do servizo de Comunicación Institución informa en data 08/09/23, que tralo cambio de goberno da Deputación de Pontevedra, a nova corporación atópase co importe do contrato practicamente esgotado, resultando a contía pendente insuficiente para dar cobertura ás diferentes accións que promoverá a institución provincial no que resta do ano 2023.

Por tal motivo propónse a necesidade de levar a cabo a modificación no importe do contrato que permita realizar insercións publicitarias no citado medio, tanto na súa edición en papel como na súa páxina web www.farodevigo.com, para dar a coñecer á cidadanía as diferentes campañas con relevancia e interese social que promoverá a institución provincial no que resta do 2023: O Plan Concellos, a nova imaxe institucional e os novos orzamentos do 2024.

A valoración da modificación proposta para o contrato suporá un incremento de gasto autorizado nun importe de 27.250,00€ (IVE engadido), o que supón un 10% do prezo de adxudicación do contrato.

Visto que o xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio da Deputación de Pontevedra, con data 20/09/2023, no que informa o seguinte (csv SX9HJAM94326G1KZ):

“(…) Visto que non existiu previsión no prego de modificación do contrato, examínase se a modificación proposta atopa a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan nos apartados do artigo 205.2 LCSP e se se limita a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.



Vendo que a causa da proposta é a insuficiencia do importe comprometido para a execución das campañas publicitarias, a única opción que pode acoller tal circunstancia é a prevista no apartado c).

Tendo en consideración o informe do servizo de comunicación, de data 8 de setembro de 2023, non se observa con esta modificación un cambio da natureza material do obxecto do contrato inicial.

Non é posible a participación ou a selección doutras empresas no procedemento, por que a adxudicataria goza dunha exclusividade, por titularidade, sobre o medio de comunicación en donde se pretende publicar.

Tampouco se advierte unha alteración económica en beneficio do contratista, xa que non se varían os prezos unitarios senon que unicamente se incrementan o número de publicacións inicialmente estimadas, sen que se produza unha alteración da contía total do contrato superior ao 10%.”

Polo anteriormente exposto, non se ve inconveniente para levar a cabo da modificación do contrato con Faro de Vigo S.A.U.”

Con data 03/10/2023, préstase conformidade á modificación do presente contrato pola Secretaría Xeral (csv T6S7T4AGPJN6EHCB).

Con data 05/10/2023 a empresa Faro de Vigo, S.A.U. presenta escrito no que presta a súa conformidade á modificación do contrato coa Deputación de Pontevedra.

Pola Intervención emítese documento de retención de crédito número de operación 202300196568, polo importe de 27.250,00€, con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 2023/924.9200.226.02 do vixente orzamento provincial, no que certifica que existe crédito dispoñible na referida aplicación, quedando retido dito importe.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 05/10/2023, no que recolle o seguinte:

“De conformidade co artigo 109.3 da LCSP a empresa deberá reaxustar a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. “

Tendo en conta o artigo 109.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberase reaxustar a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a modificación do contrato con FARO DE VIGO, S.A.U. (A-36600815), para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra, para a anualidade 2023, adxudicado pola Xunta de Goberno o día 24/11/22, á empresa FARO DE VIGO S.A.U.



A modificación implica un incremento do gasto de 27.250,00 euros (IVE engadido), o que supón un 10% do gasto estimado total, pasando o gasto a 299.750,00€ (IVE engadido).

2.- Autorizar o gasto por importe de 27.250,00 euros, con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 2023/924.9200.226.02 do vixente orzamento provincial.

3.- Requirir á empresa Faro de Vigo, S.A.U. para que no prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte á notificación deste acordo, proceda ao reaxuste da garantía definitiva constituída para este contrato, que pasa de 11.260,33€, a cantidade de 12.386,36€.

12.33082.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO CON LA VOZ DE GALICIA, S.A. PARA A COBERTURA PUBLICITARIA DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A ANUALIDADE 2023.
(Expte.2022061636)

Por Resolución Presidencial de data 23/09/22, número 2022006769, aprobouse o Plan de Comunicación da anualidade 2023 da Deputación de Pontevedra. No apartado referido aos medios de comunicación na provincia de Pontevedra cítase entre outros a La Voz de Galicia como medio apropiado para dar difusión ás diferentes campañas que porá marcha a institución provincial

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria de 02/12/22 adoptou, entre outros, o acordo de adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación dos servizos publicitarios con “LA VOZ DE GALICIA, S.A.” para a anualidade 2023.

A Deputación de Pontevedra non se compromete a realizar un número mínimo de insercións publicitarias nin a gastar una cantidade fixa, senón que dependerá das necesidades que vaian xurdindo para facer as citadas publicacións, que se axustarán aos prezos indicados, sen que o gasto total poda superar o importe de 170.000,00€.

A xefa do servizo de Comunicación Institución informa en data 08/09/23, que tralo cambio de goberno da Deputación de Pontevedra, a nova corporación atópase co importe do contrato practicamente esgotado, resultando a contía pendente insuficiente para dar cobertura ás diferentes accións que promoverá a institución provincial no que resta do ano 2023.

Por tal motivo propónse a necesidade de levar a cabo a modificación no importe do contrato que permita realizar insercións publicitarias no citado medio, tanto na súa edición en papel como na súa páxina web www.lavozdegalicia.com, para dar a coñecer á cidadanía as diferentes campañas con relevancia e interese social que promoverá a institución provincial no que resta do 2023: O Plan Concellos, a nova imaxe institucional e os novos orzamentos do 2024.

A valoración da modificación proposta para o contrato suporá un incremento de gasto autorizado nun importe de 17.000,00€ (IVE engadido), o que supón un 10% do prezo de adxudicación do contrato.



Visto que o xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio da Deputación de Pontevedra, con data 20/09/2023, no que informa o seguinte (csv 6S2JZ44WX7W4OIDE).

“(…) Visto que non existiu previsión no prego de modificación do contrato, examínase se a modificación proposta atopa a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan nos apartados do artigo 205.2 LCSP e se se limita a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

Vendo que a causa da proposta é a insuficiencia do importe comprometido para a execución das campañas publicitarias, a única opción que pode acoller tal circunstancia é a prevista no apartado c).

Tendo en consideración o informe do servizo de comunicación, de data 8 de setembro de 2023, non se observa con esta modificación un cambio da natureza material do obxecto do contrato inicial.

Non é posible a participación ou a selección doutras empresas no procedemento, por que a adxudicataria goza dunha exclusividade, por titularidade, sobre o medio de comunicación en donde se pretende publicar.

Tampouco se advierte unha alteración económica en beneficio do contratista, xa que non se varían os precios unitarios senon que unicamente se incrementan o número de publicacións inicialmente estimadas, sen que se produza unha alteración da contía total do contrato superior ao 10%.”

Polo anteriormente exposto, non se ve inconveniente para levar a cabo da modificación do contrato con La Voz de Galicia, S.A.”

Con data 03/10/2023, préstase conformidade á proposta de modificación do presente contrato pola Secretaría Xeral (csv TG90OBKG7MYC6VTL.).

Con data 05/10/2023 a empresa La Voz de Galicia, S.A. presenta escrito no que mostra a súa conformidade coa modificación do contrato.

Pola Intervención emítese documento de retención de crédito número de operación 202300196623, polo importe de 17.000,00€, con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 2023/924.9200.226.02 do vixente orzamento provincial, no que certifica que existe crédito dispoñible na referida aplicación, quedando retido dito importe.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 05/10/2023, no que recolle o seguinte:

“De conformidade co artigo 109.3 da LCSP a empresa deberá reaxustar a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. “

Tendo en conta o artigo 109.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberase reaxustar a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do



orçamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a modificación do contrato con LA VOZ DE GALICIA, S.A. (A-15000649), para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra, para a anualidade 2023, adxudicado pola Xunta de Goberno o día 02/12/23, á empresa LA VOZ DE GALICIA, S.A.

A modificación implica un incremento do gasto de 17.000,00 euros (IVE engadido), o que supón un 10% do gasto estimado total, pasando o gasto a 187.000,00€ (IVE engadido).

2.- Autorizar o gasto por importe de 17.000,00 euros, con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 2023/924.9200.226.02 do vixente orzamento provincial.

3.- Requirir á empresa La Voz de Galicia, S.A. para que no prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte á notificación deste acordo, proceda ao reaxuste da garantía definitiva constituída para este contrato, que pasa de 7.024,79 €, a cantidade de 7.727,27 €.

13.33083.- MODIFICACIÓN DO PROXECTO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO NÚM. 4.32753, DO DÍA 16 DE XUÑO DE 2023, POLO QUE SE CONCEDEU UNHA AXUDA AO CONCELLO DE PONTE CALDELAS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A SUPRESIÓN DA SIMBOLOXÍA FRANQUISTA NOS ESPAZOS PÚBLICOS E A REHABILITACIÓN E SINALIZACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO-CULTURAL DIRIXIDAS AOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2023 (Expte.2023037158)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou, na súa sesión ordinaria do 10 de marzo de 2023 (acordo núm. 2.32380), as Bases de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2023, publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 20 de marzo de 2023 (BOPPO núm. 55).

A Xunta de Goberno acordou, na súa sesión ordinaria do 16 de xuño de 2023 (acordo núm. 4.32753), concederlle ao Concello de Ponte Caldelas, con CIF: P3604300H, unha achega de 7.998,10 euros (sobre un orzamento de 7.998,10 euros) para o desenvolvemento do proxecto *Rehabilitación da fonte-lavadoiro da Igrexa de Forzáns*, con cargo á liña B da mencionada convocatoria e á aplicación 23/332.3322.762.00 do vixente Orzamento provincial.

Con data 28 de setembro de 2023 (núm. de rexistro WEB2023055468) recibíuse escrito do Concello de Ponte Caldelas solicitando a modificación do referido proxecto, respectándose as accións inicialmente aprobadas pero excluindo a proposta dunha nova cuberta sobre a fonte-lavadoiro, non autorizada pola Delegación Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia por tratarse dun elemento que non existía orixinarmente e non responde á realidade histórica do lugar.



Este cambio sobre o proxecto inicial implica a modificación do orzamento, que pasa a ser de 1.095,05 euros, así como do importe da subvención concedida, que diminúe tamén ata os 1.095,05 euros.

Tendo en conta que esta solicitude se presentou en prazo e visto o informe favorable de Intervención (CSV: 185LIVKULZFZ8K76), de 6 de outubro de 2023, para levar a cabo a dita modificación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade autorizar a modificación do proxecto presentado polo Concello de Ponte Caldelas, diminuíndo a contía da subvención concedida, por importe de 1.095,05 euros, permanecendo invariable o resto do contido do acordo.

14.33084.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO NÚM. 2.32751, DO DÍA 16 DE XUÑO DE 2023, POLO QUE SE CONCEDÍA UNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MARÍN, AO ABEIRO DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA CON POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS DE PROXECTOS SUBVENCIONABLES AO ABEIRO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA NO ÁMBITO DO TURISMO DEPORTIVO SOSTIBLE, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REDACCIÓN PROXECTO “MEJORA DE LA EFICIENCIA ENERGÉTICA, LA ACCESIBILIDAD Y LA HABITABILIDAD DEL PABELLÓN A CAÑOTA””, POR CAMBIO DE ACTUACIÓN. (Expte.2023029987)

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 31 de marzo de 2023, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do Turismo Sostible (compoñente 26, Investimento 2)”, que permite aos concellos interesados dispoñer de financiamento para afrontar os traballos de preparación da documentación necesaria para presentar solicitudes de subvención de proxectos de interese municipal nas convocatorias de subvencións con fondos Next Generation UE para fomentar o turismo deportivo sostible. Ditas bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 65, do 03/04/2023.

En data 16/06/2023, mediante acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial número 2.32751, concedéuselle ao Concello de Marín, polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención por importe de 9.498,50 euros, con destino ao financiamento do investimento “Redacción proxecto “Mejora de la eficiencia energética, la accesibilidad y la habitabilidad del pabellón A Cañota””, expediente 2023029987, cun orzamento por importe de 9.498,50 euros.



En data 08/08/2023 consta entrada na sede electrónica da Deputación, escrito do Concello de Marín achegando unha solicitude de cambio da actuación subvencionada para a actuación denominada “Reforma do pavillón de Sequelo”, expediente 2023029987.

Neste contexto, o concello achega unha solicitude de cambio de actuación subvencionada, motivada en que *“vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións e axudas do Consello Superior de Deportes a entidades públicas titulares de infraestruturas para mellora e optimización de instalación e espazos deportivos que fomenten o turismo deportivo sostible, con cargo aos fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, compróbase que a infraestrutura idónea para solicitar a axuda, en conformidade ao artigo 18 de dita orde, é o pavillón municipal do Sequelo”* aportando un novo orzamento que se ve incrementado con respecto á subvención concedida na Xunta de Goberno do día 16/06/2023 por importe de 9.495,50 euros.

O novo orzamento vén desagregado do seguinte xeito:

Concepto	Importe	IVE	Importe con IVE
Asistencia técnica para a presentación da solicitude	4.132,23 €	867,77 €	5.000,00 €
Documentación técnica requirida na convocatoria	6.700,00 €	1.407,00 €	8.107,00 €
		Total	13.107,00 €

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do PLAN DE Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do turismo deportivo sostible (Compoñente 26, Investimento 2).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático.



Consideracións Xurídicas

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 14ª de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do turismo deportivo sostible (compoñente 26, investimento 2) relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez comprobados os expedientes, e determinados os seus obxectos e importes das axudas, elaborárase unha proposta de resolución para someterse á aprobación do órgano competente, previo informe de fiscalización emitido do Servizo de Intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente:

- Artigos 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública. A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación de data 22/08/2023 e do servizo de Intervención de data 10/10/2023 que conclúen favorablemente a modificación do acordo núm. 2.32751, da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial do día 16 de xuño de 2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Modificar o acordo da Xunta de Goberno núm. 2.32751, do día 16 de xuño de 2023, polo que se concedeu ao *concello de Marín*, CIF: P3602600C, a cantidade de 9.498,50 euros con destino ao financiamento do investimento “*Redacción proxecto “Mejora de la eficiencia energética, la accesibilidad y la habitabilidad del pabellón A Cañota”*” (Expte.2023029987), no sentido de mudar a actuación antedita pola de “*Reforma do pavillón de Sequele*” que figura no expediente, motivando que a infraestrutura idónea para solicitar a axuda, de conformidade ao artigo 18 de dita orde, é o pavillón municipal do Sequele.
- O novo acordo da Xunta de Goberno non altera a tipoloxía da actuación, no supón un incremento da subvención a cargo da Deputación de Pontevedra inicialmente aprobada nin prexudica dereitos de terceiros.
- O resto do acordo da Xunta de Goberno núm. 2.32751, do día 16 de xuño de 2023, permanecerá invariable.
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de Marín*, Intervención, Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

15.33085.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CONCELLO DE A GUARDA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A “ELIMINACIÓN DE SÍMBOLOS AFECTADOS POLA LEI DA MEMORIA HISTÓRICA”, APROBADA Ó SEU FAVOR EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 01/07/2022 (Expte. 2022032887)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial, na súa sesión do día 1 de xullo de 2022, unha subvención a favor do *Concello de A Guarda*, con CIF: P3602300J, para a “*Eliminación de símbolos afectados pola Lei da memoria histórica*”, por un importe de 1.325,37 €, con cargo á aplicación 23/332.3322.762.00.2022, e recibido escrito do concello interesado na sede electrónica, de 9 de outubro de 2023 (núm. de rexistro WEB2023057274), a través do cal renuncia á subvención concedida no seu día pola imposibilidade de execución das obras en prazo, e vista a dilixencia de fiscalizado e conforme da Intervención provincial, de 13 de outubro de 2023, con CSV: EICSR7T44BT501A, a Xunta de Goberno queda informada e acepta a dita renuncia e declara concluído o citado procedemento, de acordo co disposto no artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



16.33086.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CONCELLO DE A GUARDA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA “TRABALLOS DE CONSERVACIÓN DA FONTE LAVADOIRO DE CARBALLIDOS”, APROBADA Ó SEU FAVOR EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 01/07/2022 (Expte. 2022034343)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial, na súa sesión do día 1 de xullo de 2022, unha subvención a favor do *Concello de A Guarda*, con CIF: P3602300J, para “*Traballos de conservación da fonte lavadoiro de Carballidos*”, por un importe de 3.976,17 €, con cargo á aplicación 23/332.3322.762.00.2022, e recibido escrito do concello interesado na sede electrónica, de 9 de outubro de 2023 (núm. de rexistro WEB2023057274), a través do cal renuncia á subvención concedida no seu día pola imposibilidade de execución das obras en prazo, e vista a dilixencia de fiscalizado e conforme da Intervención provincial, de 13 de outubro de 2023, con CSV: C70XEZ4OC4F0GTDB, a Xunta de Goberno queda informada e acepta a dita renuncia e declara concluído o citado procedemento, de acordo co disposto no artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

17.33087 AUTORIZACIÓN DA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO PROXECTO “TRASLADO DO PARQUE DE MAQUINARIA AO POLÍGONO DE BARRO” (Expte.2021064404)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 30 de decembro de 2021 (acordo nº 14.31135), encargou á empresa TRAGSA S.A. S.M.E. M.P., como medio propio da Deputación de Pontevedra, a execución de todas as actuacións derivadas da restauración ambiental da Xunqueira de Alba, con efectos do 1 de xaneiro de 2022 e ata o remate definitivo das actuacións da que trae causa dito encargo, de conformidade cos pregos de prescricións técnicas, os orzamentos retarifados e os proxectos que obran no expediente administrativo da súa razón.

Resultando.- Que entre ditas actuacións atópase a derivada do traslado do parque de maquinaria ao Polígono de Barro (proxecto elaborado por PROYFE S.L., co CSV OEBZS8YTU4ZIS5ND), cun prazo de execución de oito (8) meses, contado desde a data de formalización da acta de comprobación do reformulo, acto que tivo lugar o 31 de xaneiro de 2022 entre os representantes da empresa e a dirección facultativa, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o 30/09/2022; dito prazo prorrogouse posteriormente en varias ocasións (a última das prórrogas concedida por acordo nº 2.32916 da Xunta de Goberno de 25 de agosto de 2023), estando previsto que as obras rematen o 27 de outubro de 2023.

Resultando.- Que con data 17/10/2023 formalizouse entre a dirección de obra e a empresa pública TRAGSA S.A. S.M.E acta de paralización total das obras (quedando nese intre DEZ (10) DÍAS para a finalización do prazo de execución), xa que debido as inclemencias meteorolóxicas adversas que se están a dar e a previsión de que as precipitacións continúen, non é posible a execución dos traballos correspondentes ao asfaltado da urbanización do Parque de Maquinaria que se prevían executar durante esta semana; como queira que durante o tempo que persistan as fortes choivas non é posible levar a cabo esta intervención, deben paralizarse as obras ata que as condicións climáticas permitan rematar os traballos en condicións axeitadas.



A acta recolle que a porcentaxe de obra executada é do 89,48 % quedando unidades de obra pendentes de executar por un importe de 288.795,70 €. Coa acta xúntase informe coa medición das unidades de obra executadas e as que quedarían pendentes por executar.

Resultando.- Que con data 19/10/2023 emitiu informe favorable o Servizo de Contratación, no que se conclúe o seguinte”...*En base ó recollido pola directora de obra na acta de paralización, cumpriría autorizar a suspensión total da execución do proxecto “Traslado do Parque de maquinaria ao Polígono de Barro”, en tanto non se dean as condicións climáticas axeitadas...*”

Considerando.- Que o réxime xurídico dos encargos a medios propios ven determinado polos artigos da LCSP dedicados a estes (artigos 32 e 33), e en relación a TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, pola disposición adicional 24ª da LCSP e polo R.D. 69/2019, do 15 de febreiro.

Considerando.- Que da súa lectura conxunta conclúese que as relacións de TRAGSA cos poderes adjudicadores dos que son medios propios teñen natureza instrumental e non contractual, polo que a todos os efectos son de carácter interno, dependente e subordinado, estando obrigada a realizar, con carácter exclusivo, os encargos que aqueles lles encomenden.

Considerando.- Que a pesar de que nalgúns aspectos existe unha remisión expresa á LCSP, ningún dos preceptos nin normativa citada establece unha regulación concreta respecto á suspensión dos prazos de execución dos proxectos obxecto de encargo; é por iso que razóns de seguridade xurídica e a aplicación analóxica das normas (artigo 4.1 do Código Civil), aconsellan acudir aos artigos da Lei de Contratos que, con carácter xeral, regulan esta materia.

Considerando.- Que o artigo 190 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que”...*dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...*”

Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: “...*se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, estenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...*”

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: “1. *A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será asinada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...).* 2. *No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...*”



Á vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Autorizar a suspensión da execución do proxecto “*Traslado do parque de maquinaria ao Polígono de Barro*”, encargado á empresa TRAGSA S.A. S.M.E.M.P., como medio propio da Deputación de Pontevedra, con efectos dende o 17/10/2023.

Solucionadas as causas que deron lugar á suspensión total da execución desta obra, formalizarase entre a empresa e a dirección de obra a correspondente acta de reinicio, quedando nese intre DEZ (10) DIAS, para finalizar a obra.

18.33088 COMUNICACIÓNS

Non houbo.

19.33089 FORA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

20.33090.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

